

BOLETÍN DA SOCIEDADE FILATÉLICA DA CORUÑA

PORTEO

BOLETÍN DE LA SOCIEDAD FILATÉLICA DE A CORUÑA

EXPOSICIÓN FILATÉLICA CONMEMORATIVA DO



Centenario do nacemento de

Luis Seoane


A Coruña, 24 a 28 de novembro 2010

Sala de Exposicións do Pazo Municipal

BOLETÍN DA SOCIEDADE FILATÉLICA DA CORUÑA

PORTEO

BOLETÍN DE LA SOCIEDAD FILATÉLICA DE A CORUÑA



EXPOSICIÓN FILATÉLICA CONMEMORATIVA DO
Centenario do nacemento de

Luis Seoane

Índice

Comisións de traballo Comisiones de trabajo	3
Material filatélico da exposición Material filatélico de la exposición	4
Saúda do Alcalde da Coruña	5
Saúda da Condelleira de Cultura	6
Saúda do Presidente da Sociedade Filatélica de A Coruña	7
Coleccións Colecciones	8
Seoane e a galegidade	9
Luis Seoane na filatellia	11
De príncipe sin trono a Rey	15
Relación de Trofeos	20

Comisións de traballo Comisiones de trabajo


Presidente	José Manuel Barreiro García
-------------------	-----------------------------

Vocais/Vocales	Luís Ríos Pardo Constantino Basanta Yáñez Miguel Ángel Maestro Arias Joaquín Ochoa Rodríguez Dióscoro de Vicente Gorjón Felipe Ruiz Hernández Azucena Pan Palacios Ramón Ribera Lourido Joaquín Ribera Lourido Serafín Álvarez Sobrino David García Gonzalo
-----------------------	---

Deseño da Exposición Diseño de la Exposición	José Luís Rey Barreiro
---	------------------------

Deseño do selo e mataselos Diseño del sello y matasellos	José Luís Rey Barreiro
---	------------------------

MATASELOS CONMEMORATIVO
MATASELLOS CONMEMORATIVO



Material filatélico da exposición Material filatélico de la exposición

SELO PERSONALIZADO
SELLO PERSONALIZADO



Imaxe/Imagen: Homenaje a la Torre de Hércules-Luis Seoane
Cedida pola/por la Fundación Luis Seoane

MATASELOS CONMEMORATIVO
MATASELLOS CONMEMORATIVO



Saúda do Alcalde da Coruña

A sala de exposicións do Pazo Municipal de María Pita convértese un ano máis no mellor escenario para destacarmos o valor da filatelia e a súa relación coa cidade e a súa historia. Esa vinculación faise patente nesta ocasión co desexo da Sociedade Filatélica da Coruña de se sumar á conmemoración do centenario do nacemento de Luís Seoane, un home único que deixou unha gran pegada na Coruña e ao que agora temos a oportunidade de recordarmos grazas á magnífica mostra organizada por esta entidade coruñesa.

Unha Sociedade á que lle agradezo o seu continuo apoio á cidade e o seu interese e preocupación por nos dar a coñecer parte da nosa historia a través dos selos, fiel reflexo de cada época e cada sociedade. Trátase, pois, nesta ocasión, dunha colección única coa figura de Luís Seoane como protagonista e, xa que logo, unha viaxe a través da cultura galega e española do século XX, e a través da recoñecida e prestixiosa obra deste intelectual comprometido e ao que a cidade rende homenaxe este ano no centenario do seu nacemento.

Para rematar, gustárame destacar o gran labor da Sociedade Filatélica da Coruña e dos seus socios e socias, gardiáns da nosa historia e promotores de coleccións únicas que mostran a coruñeses e visitantes para trasladarnos a cada momento histórico. Por iso, agradezo a esta entidade coruñesa o seu traballo e o seu apoio a todas as iniciativas que se emprenden tanto para lle render honra á historia coruñesa como para o progreso e o benestar da cidade.

Javier Losada de Aspiazu
Alcalde

Saúda da Concelleira de Cultura



Poucas homenaxes tan acertadas para pechar o centenario de Luís Seoane, do noso intelectual, quen durante moitos anos viviu conectado á súa Galiza mediante os xornais, as revistas, as cartas que lle chegaban por correo. Non deixa de sorprendernos hoxe a importancia que tivo o correo postal, para a transmisión e desenvolvemento das ideas ao longo dos últimos séculos. E ao falar de correo debemos falar de filatelia, cando menos dende a metade do século XIX ata hoxe (ou quizais ata onte).

Celebrar o centenario do nacemento de Luís Seoane é, dalgún xeito, celebrar o centenario dunha Galiza orgullosa e con vocación de modernidade. Luís Seoane é unha desas figuras que logra aglutinar en torno a el unha aura de inventiva e de capacidade que xunto á súa laboriosidade e paixón polo noso país fixeron del un referente fundamental que dende a Galiza do século XX transcendeu ao terceiro milenio. El foi dende a súa xuventude, unha persoa profundamente comprometida cunha Galiza forte e íntegra, en camiño cara a unha sociedade máis próspera e máis social; ese foi o seu compromiso que mantivo ao longo de toda a súa vida.

Capacidade de traballo, xenerosidade e paixón por Galiza. Dende unha gran inventiva e profunda conexión co mundo tamén participou como un grande activador cultural. Ao longo da súa prolífica vida traballou en diversas revistas e editoriais e tivo un peso fundamental no desenvolvemento do innovador proxecto empresarial que significou Sargadelos.

Sen dúbida é a súa faceta como pintor e debuxante a máis recoñecida. A el débense imaxes que se converteron en iconas para todos nós; con pouco máis de vinte anos realiza o seu célebre cartel sobre o Estatuto Galego. Dos anos corenta é o seu libro sobre a Torre de Hércules. Cando pensamos na muller emigrante, nos campesiños de festa, nos polbos secando ao sol... temos na nosa cabeza e no noso corazón, debuxos, gravados, ilustracións ou cadros que Seoane realizou.

En suma, Luís Seoane segue sendo un artista integral e un pilar fundamental na nosa cultura. Por iso non podo senón felicitar á Sociedade Filatélica coruñesa que escolleson esta gran figura, no ano que conmemoramos o centenario do seu nacemento, para realizar a súa exposición que, como todos os anos, pecha o ciclo expositivo da Sala de Exposicións do Pazo Municipal. Se todos os anos a exposición filatélica marca un fito de calidade pola notoriedade das coleccións expostas, este ano terá o plus da beleza das pezas mostradas.

María Xosé Bravo Sanjosé
Concelleira de Cultura



Saúda do Presidente da Sociedade Filatélica de A Coruña

A piques de celebrar o próximo ano o medio século de existencia de esta Sociedade, compre pecha-la cincuentena cunha exposición dedicada a conmemorar o Centenario do nacemento dun dos máis esgrevios persoeiros da cultura galega, e dicir, do pintor, escritor e patriota Luís Seoane.

Nestes intreos nos que unha vaga de intolerancia azouta Europa é de destacar o valor da emigración galega. Luís Seoane foi tan emigrante que naceu na emigración e voltou axiña ás súas orixes.

Non é este o sitio para gabar os seus valores artísticos, de sobra coñecidos, pero si para falar da ingratidade que para con él tiveron e teñen os seus compatriotas. Tivo que ser a República Arxentina, que o viu nacer, quen por primeira vez emitira un selo conmemorando ao pintor. Foi no ano 1983, e terían que pasar dúas décadas para que a Administración Postal Española seguise o exemplo.

A Sociedade Filatélica da Coruña este ano faille a súa homenaxe con unha Exposición Filatélica na que poucas cousas del pódense ver, por que non as hai, pero si poderase ver a nosa admiración e un novo selo por nós a el dedicado e no que se unen a súa pintura e o símbolo por excelencia desta Cidade: a Torre de Hércules.

Vaia por diante o noso recoñecemento á Fundación Luís Seoane que facilitounos as cousas para que este selo poidera ser realidade e, como non, ao Concello da Coruña nas persoas do seu alcalde e da Concelleira de Cultura que, coma sempre, déronos todo o seu apoio.

José Manuel Barreiro García
Presidente

SALÓN PINTURA

Joaquín García Gonzalo (Mieres)	Pintura española: de Altamira a Dalí
Alberto García Angulo (Pineda de Mar)	La luz y las sombras de la pintura Española
José Luis Aragón Panés (Chiclana)	El Guernica: arte, guerra y paz
Francisco Infantes Peña (Madrid)	Goya
Francisco Infantes Peña (Madrid)	Pintura española: Velázquez
José Freijanes Domínguez (A Coruña)	Picasso

SALÓN SOCIEDADE

José Manuel Barreiro García	A Coruña nos selos
Juan José De La Parte	Islas Feroe
José Luis Rey Barreiro	Casa Real e Imperial Francesa
Dióscoro De Vicente	Personajes gallegos
Joaquín Ochoa Rodríguez	La pesca
Luis Ríos Pardo	Sellos perforados
Rosa Palacios Marcos	Barcelona: abecedarios
Miguel Ángel Maestro Arias	La geografía a través de los faros
David García Gonzalo	Faros, centinelas del mar
Serafín Álvarez Sobrino	La radio
Andrés García Pascual	El F.F.C.C. y ambulantes en Galicia (1868-1900)
Víctor Rodríguez Alonso	Sellos locales de Galicia

Infantís

Uxía Díez Ríos	Flores
----------------	--------

X. R. Barreiro Fernández

Catedrático de Historia Contemporánea da
Universidade de Santiago de Compostela e
membro da Real Academia Galega

A obra de Seoane é un gran poema de amor á patria galega. Fóra dela sentiuse transterrado non só pola orfandade que segue sempre ao exilio senón pola necesidade do sangue, da tradición, da terra da que recibía o seu plasma vital. No ano 1964 escribiulle a Isaac Díaz pardo dende Buenos Aires:

Uno pode alcanzar aquí [...] fortuna personal. Una riqueza que nos permita comprar muebles ricamente labrados, joyas y gobelinos, tener un confort [...] pero no podemos tener un tapiz tan deslumbrante como una niebla cálida sobre las montañas de Galicia, alfombra tan lujosa como una ría, muebles que se equiparen a una mesa de pino blanqueada con lejía, ni un montón de joyas que puedan ser iguales en su belleza a una bandada de gaviotas o cuervos marinos, a ese mirlo que escuchaba desde tu estudio.

O de Seoane non era un amor lánquido ou romántico que como unha enfermidade se pega á pel dos emigrantes, trasterrados ou exiliados. O seu foi un amor activo e racional que o obrigou a retornar, cando as circunstancias políticas llo permitiron, para proxectar empresas artísticas e culturais, para animar o proceso de regaleguización da sociedade, para atar o futuro e conectalo con aquela xeración de 1930, á que el pertencía, e que fora brutalmente afogada. Quería vivir intensamente Galicia ata “disolverse en el paisaje como la inmensa mayoría de las gentes que pertenecen por herencia a un pueblo”.

Galicia era para Seoane paisaxe (sentimento da terra) e pobo. O pobo é o motor da historia, é a forza moitas veces oculta que marca os destinos da comunidade. Por iso para el o popular non consiste en debuxar ou pintar campesiños e mozas galegas, vacas e cabalos galegos, senón apreixar os códigos dunha concepción estética galega.

Capta o sentimento mitificador do pobo, mitificación que transcende á realidade histórica, e el pon a súa arte ao servizo desa mitificación, consciente de que desta maneira enlaza co sentimento popular. El que era republicano pouco clerical e antiaristocrático non dubida en elaborar 18 xerras nas que aparecen reis, santos, poetas e soldadeiras como María Balteira. Faino porque o pobo os fixo seus, porque ao conservar a súa memoria está indicando que algo hai neles de permanente, é dicir, que os seguimos necesitando. E así llo explica Seoane dende Galicia, no ano 1967, ao amigo Simón Scheinberg:

Estoy tallando unas cabezas de personajes medievales gallegos para jarras de porcelana en el estudio que me cedió Díaz Pardo. Se trata de poetas, héroes, revolucionarios, soldaderas, reyes y santos gallegos anteriores al siglo XV y las hago pensando en un país con una historia prohibida o que se oculta, alejada de la enseñanza de la primaria y de la otra, bueno es que comience a divulgarla en los bazares, interrogándose el posible comprador sobre el personaje representado. ¿Quién era ese Rey García al que Víctor Hugo dedicó uno de sus dramas y por qué fue Rei de Galicia en el siglo XI [...] y Rui Xordo, el jefe de la rebelión campesina de mediados del siglo XV? ¿Y quien la jefe del levantamiento popular María Castaña y otro, conductor de la burguesía medieval compostelana, Juan Tuorum, o la soldadera María Balteira o el poeta Martín Codax? ¿Quién es San Rosendo que lucha contra los vikingos? [...] en los rostros que tallo procuro analizar la psicología de estos personajes, imprimiéndoles el carácter que parecen revelar sus hechos para colorearlos luego al modo popular.

Seoane escribía e falaba en galego, porque era súa lingua primeira, pero era moi consciente de que a galegitude non ficaba reducida á lingua. O mesmo pobo que creou un idioma propio inventou os hórreos, creou as artes de pesca, construíu as súas casas, amou os seus santiños. E todo iso formaba parte da cultura galega á que Seoane serviu con fervor patriótico. Puxo os seus pinceis, as súas gubias e o seu xenio ao servizo desta cultura que se espalla en mil formas artísticas sendo moi consciente, e oxalá o foran todos os artistas e escritores, de que a mellor forma de servir o país é a través dunha obra excelsa e de distinción porque a bondade da causa non pode eximir da súa perfección, nin pode amparar a mediocridade.

Luis Seoane na filatelia

José Manuel Barreiro García

Presidente da Sociedade Filatélica da Coruña

Escritores, pintores, músicos, médicos, bispos, astrónomos, etc, galegos e mais españois pódense atopar con bastante facilidade tanto nos selos como nos mataselos de España, pero non foi ata o ano 1983 en que, grazas a Casa de Moneda da República Arxentina, poidemos ver nun selo de correos a un dos mellores pintores europeos do século XX: Luís Seoane (Bós Aires, 1910-A Coruña, 1979).

A emisión estivo formada por dous selos, un dedicado a Luís Seoane, que representou o cadro titulado **“Figura en amarillo”** e outro ao pintor arxentino Antonio Berni, (Rosario, 1905-Bós Aires, 1981) titulado **“La Zapallera”**.



Figura en amarillo. Luis Seoane



La Zapallera. Antonio Berni

E non foi ata o ano 2003 cando a Fábrica Nacional de Moneda e Timbre emitíu un selo dedicado ao pintor, representando ao cadro titulado “El viejo y el pájaro” que pode verse na Fundación Luis Seoane da Coruña.

Este selo foi presentado na Coruña na sede da Fundación Luís Seoane polo entón Director de Correos don Alberto Núñez Feijóo, hoxe Presidente da Xunta de Galicia.




El viejo y el pájaro

Na Estafeta temporal de Correos instalada na Fundación empregouse un mataselos especial, Primeiro Día de Emisión co que foi cancelada toda a correspondencia nela depositada o día 17 de outubro de 2003.



Mataselos Primeiro día de circulación na Coruña



Mataselos Primeiro día de circulación en Madrid. Haino tamén en Barcelona

As características desta emisión son as seguintes:

Primeiro Día de Circulación: 17 de outubro de 2003

Procedemento de impresión: Hecogravado

Papel: Estucado, engomado, fosforescente

Denteado: 13¾

Formato do selo: 28,8 × 40,9 mm (vertical)


Valor postal: 1,85 euros

Efecto no prego: 50


Tirada: 1.000.000



Folla informativa de Correos



Tarxeta máxima coa sinatura de Director de Correos D. Alberto Núñez Feijóo



Sobre Primeiro día de circulación

Finalmente, a Sociedade Filatélica da Coruña solicitou un selo para conmemorar o Centenario do nacemento de Luís Seoane e que pondrase en circulación o día 24 de novembro coincidindo coa inauguración da Exposición Filatélica dedicada ao evento.

O selo terá unha tirada de uns 600 exemplares e será da tarifa A, dedicada á correspondencia nacional ata 20 gramos. Estará ilustrado co debuxo de Luis Seoane titulado **“Homenaje a la Torre de Hércules”**, pintado no ano 1943.

Ao mesmo tempo e na Estafeta temporal de Correos instalada na Sala de Exposicións empregárase un mataselos conmemorativo ilustrado cun anaco do devandito debuxo co que se cancelará a correspondencia depositada nela.



Selo personalizado




Mataselos conmemorativo

De príncipe sin trono a Rey

José Luis Rey Barreiro

D. Juan Carlos de Borbón nació el día 5 de enero de 1938 en el entresuelo del número 112 del “viale Parioli” en Roma, ciudad donde residía la Familia Real desde su exilio de España al proclamarse la segunda republica el día 14 de abril de 1931. Fueron sus padres Don Juan de Borbón y Battenberg, Conde de Barcelona y Jefe de la Casa Real española, y Doña María de las Mercedes de Borbón y Orleans.



El Príncipe fue bautizado por el Cardenal Pacelli (futuro Papa Pio XII) en la capilla de la Orden de Malta situada en la Via Condotti nº 68, otorgándole el nombre de Juan por su padre y Carlos por su padrino.

A la edad de once años y acompañado del Duque de Sotomayor y del Vizconde de Rocamora, miembros de la Casa Civil de D. Juan, el día 8 de noviembre de 1948 el Príncipe sube al tren “Lusitania Express” que lo conduce de Lisboa a Madrid para cursar estudios en la escuela de “las Jarillas”.



Finalizados los estudios civiles y militares, el 14 de mayo de 1962 contrajo matrimonio en Atenas con S. A. R. la Princesa Sofía de Grecia, primogénita de SS.MM. los Reyes Pablo I y Federica. Tras su viaje de bodas, los Príncipes comenzaron a vivir en el Palacio de la Zarzuela, en los alrededores de Madrid, que sigue siendo hoy su residencia.

MARCAS DE LA CASA DE S. A. R. EL PRÍNCIPE

La primera marca conocida en la correspondencia que hace referencia a la figura de D. Juan Carlos, se empleaba para identificarla estampándose en tinta de color verde en el reverso de los sobres. El diseño elegido estaba compuesto por la corona real en su centro y la inscripción “**Casa de S. A. R. el Príncipe Don Juan Carlos de Borbón**”.

Marca postal
“Casa de S.A.R. el Príncipe
Don Juan Carlos de Borbón”
36 mm. Color: verde



La “*Ley de Sucesión a la Jefatura del Estado*” fechado el día 22 de Julio del año 1969, proclama por las Cortes Españolas sucesor a título de Rey al Príncipe D. Juan Carlos de Borbón y Borbón, bajo el título de “**S. A. R. Príncipe de España**” (Título inexistente en la tradición monárquica española hasta ese momento).

Al día siguiente por la mañana en el Palacio de la Zarzuela, Juan Carlos firmó ante el ministro de Justicia, en funciones de Notario Mayor del Estado, el acta de aceptación y por la tarde presto juramento en un acto solemne que tuvo lugar en el edificio de las Cortes; En este momento comenzó una etapa de actividades oficiales, viajes por España y visitas a países extranjeros.

La segunda marca empleada es muy parecida a la anterior a no ser por la inscripción que hace referencia al reciente título recibido: “**Casa de S. A. R. el Príncipe de España**”.



Marca postal
“Casa de S.A.R. el Príncipe
Don Juan Carlos de Borbón”
36,3 mm. Color: verde



Un decreto de Correos publicado el día 23 de enero de 1971 otorga “Franquicia Postal al Sucesor del Jefe del Estado”, es decir, desde ese momento: “... ostenta privilegio de exención del pago de franqueo para la correspondencia que expida en sobre con su sello de armas, sea cual fuere la vía empleada...”. Para este fin los servicios postales crean un nuevo matasellos que se estampará siempre en tinta violeta y que se acompañaba de algún matasellos fechador.

Entre los años 1971-1975 se han conocido dos modelos de marcas empleadas como franquicia postal pertenecientes a la “**Casa de S. A. R. el Príncipe de España**”, su diseño, muy similar a la anterior, se diferencia especialmente en el formato de mayor tamaño de la corona empleada como motivo central.



Marca postal
“Casa de S.A.R. el Príncipe de España”
36,5 mm. Tipo I. Color: violeta



Marca postal
“Casa de S.A.R. el Príncipe de España”
37 mm. Tipo II. Color: violeta



Sobre circulado con la marca de franquicia oficial de la **Casa de "S. A. R. el Príncipe de España"** y con un matasellos fechador mecánico de tránsito que nos informa de las últimas novedades postales y se estampado en la ciudad de Madrid el día 21 de septiembre del año 1973.

MARCAS DE LA CASA DE S. M. EL REY

Tras la muerte del anterior Jefe del Estado, Francisco Franco, Don Juan Carlos fue proclamado Rey el 22 de noviembre de 1975, y pronunció en las Cortes su primer mensaje a la nación, en el que expresó las ideas básicas de su reinado: restablecer la democracia y ser el Rey de todos los españoles, sin excepción.

La proclamación del soberano conlleva desde ese instante la utilización de franquicia postal y telegráfica en toda su correspondencia, privilegio que alcanza al jefe del Estado y a su sucesor. Las marcas que se utilizan en los envíos postales oficiales de S. M. se caracterizan en su diseño por el empleo del escudo real en su centro, la única inscripción de **"Casa de S. M. el Rey"**. Y se acompañará del matasellos fechador oficial de Los **"Servicios Postales de la Jefatura del Estado"**.



"Casa de S.M. el Rey"
37 mm.
Tipo I - Guión inferior
Color: violeta



"Casa de S.M. el Rey"
37 mm.
Tipo II - Estrella de seis puntas
Color: azul



"Casa de S.M. el Rey"
37 mm.
Tipo IV - Guiones cortos
Color: azul-violeta

Hasta la actualidad, se han conocido al menos seis modelos diferentes de marcas genéricas utilizadas por S. M. D. Juan Carlos I en su correspondencia, estas pueden ser empleadas como franquicia postal o mera identificación en el correo internacional.



Envío postal internacional certificado y urgente, circulado en 1997 con la marca empleada en los envíos postales de S. M. (modelo V) y dirigido mediante correo aéreo a la presidencia del COI en la ciudad suiza de Lausana.

La catalogación total de las marcas postales empleadas como franquicia por las diferentes secciones y departamento que configuran la Casa de S. M. el Rey, alcanza una gran riqueza filatélica pues podemos encontrar al menos 95 tipos y todos ellos circulados en estos últimos treinta y cinco años de monarquía.

Relación de trofeos



PORTEO

Porteo é unha marca rexistrada da Sociedade Filatélica de A Coruña co patrocinio de



Sociedade Filatélica de A Coruña
C/Federico Tapia, 65-1º Izq.

15005 A Coruña

Correspondencia:

Apartado de Correos 611

15080 A Coruña

Teléfono:

981234455

E-mail:

porteo@mundo-r.com

SociedadFilatelicaCoruna@mundo-r.com

Web:

<http://www.porteo.es>

Apertura:

Martes e xoves de 19.00 á 21.00 h

Domingos de 12.00 á 14.00 h


Deseño gráfico e maquetación:
mazairagrafismo sl

Impresión:
Edym grafismo, sl

Depósito Legal:
C 2908-2006



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**



**SOCIEDADE FILATÉLICA DE A CORUÑA
SOCIEDAD FILATÉLICA DE LA CORUÑA**



Real Casa de la Moneda
Fábrica Nacional
de Moneda y Timbre



**MUSEO
CASA DE LA MONEDA**